

As “augadoras” de Betanzos e a súa desaparición

ALFREDO ERIAS MARTINEZ *

A desaparición das mulleres levando sellas de auga na cabeza, supón un cambio na paisaxe humán de Betanzos parello ó que se dou noutras partes de Galicia, aínda que con ritmos desiguais, e parello tamén a moitos outros fenómenos de cambio que ben poden calificarse de revolucionarios, ó longo do s. XX, en todas partes dende a cidade até o campo.

Nos anos 30, por exemplo, aínda chegaban á Praza do Campo os carros de leña (“o *mercado da leña*”) que se poñían cerca da Fonte de Diana. A feira dos cabalos estaba diante do adro de Santo Domingo. Xunta ós soportais outra chea de carros, éstos con estrume (“o *mercado do estrume*”) esperaban ser vendidos para fertilizar as hortas que bordeaban e aínda bordean a cidade, onde o abono animal foi sendo progresivamente escaso por imposicións do crecemento e polo cambio de funcións.

Son imaxes que vistas hoxe antóxanse-nos subrealistas, pero no seu tempo eran moi reais. Mais, con todo, expoñían a visión dun mundo antigo e agonizante.

As mulleres coa sella de auga na cabeza e a súa desaparición das rúas betancieras é todo un símbolo do que decimos. Todo pasou da maneira máis sinxela e natural asegun hoxe o podemos ver a través dos expedientes de obras municipais do Arquivo e de conversas coa xente.

* Alfredo Erias Martinez é arquivero-bibliotecario do Concello de Betanzos.



1) Esta muller, unha moza polo que se ve, leva con todo dominio do oficio a sella de auga na cabeza. O paso é decidido, parece que ten prisa: quizais tuvo que esperar moito na cola. E curioso como a casualidade xunta dúas imaxes hoxe perdidas: a muller coa sella e a casa postmodernista, ó fondo, de dona Agueda. Dous mundos sociais ben distintos que se xuntaron no tempo e desapareceron tamén con él. (f: Ferrer).



2) Fotografía de Ferrer datable nos anos 20, na que domina a paisaxe ese fato de mulleres de longas saias que esperan vez para coller auga coas sellas. Cuase, perdido ó fondo, pode verse un "forito", é decir, un daqueles primeiros automóviles Ford que somente tiñan algúns privilexiados. Dinós don José García, home de moita memoria e fiable nestas cousas, que él cree que o primeiro "forito" chegou a Betanzos en 1923 ou pouco antes, en calquer caso arredor deste ano. Tendo en conta eso e fixándonos na vestimenta desas mulleres, esta fotografía debe datarse na primeira metade da referida década.

A cidade viña arrastrando graves problemas de saneamento e abastecimento de auga, polo que nun momento dado intentouse a súa solución. Foi na época da Segunda República cando o enxeñeiro Juan Ramón Barón fixo o proxecto correspondente, chamado de "abastecimento de auga potable y red general de alcantarillado".

O 22 de maio de 1934, sendo alcalde Ramón Beade Méndez, sacáronse a subasta as obras por 882.055,31 ptas: foron adxudicadas a José Gómez. Había unha Comisión Especial encargada de levar adiante o proxecto, da que formaban parte os concellais: Víctor Canela, José Veiga Roel, José Iglesias e Emilio Ferreiro. O 1 de setembro de 1934 empezaron oficialmente as obras.



3) Mulleres collendo auga na Fonte do Campo ou de Diana. Esta fotografía está escrita por detrás coa data de agosto de 1930. Tendo en conta isto e outros detalles como a roupa das mulleres, hai que pensar que foi sacada ou no mesmo 1930 ou moi pouco antes (colecc. de don José García).



4) Mulleres na Fonte da San Francisco. Esta fotografía pertence a unha serie delas estereoscópicas e, tendo en conta que nalgúñas vense os traballos da traída de augas e alcantarillado, pódese datar con bastante precisión arredor de 1935. É posible dende longo, ó ver esta imaxe, facer unha auténtica tipoloxía de recipientes para a auga: sellas de madeira con cintas de metal, sellas metálicas, un barrico pequeno, un botixo,... A muller que ven de frente era a augadora dos frades de San Francisco e, según nos di don José García, parece que leva a sella vacía porque seguramente se cansou de estar esperando e vai mirar a outra fonte (á do Campo probablemente) a ver se hai millor vez (coleccionada por don Luís Veiga e dona Rosina Martínez).

Estaba estipulado que os traballos rematasen o 1 de setembro de 1936, mais as variacións do proxecto e, sobre todo, a Guerra Civil, alteraron as previsións. A pesar deso, e aínda que os obreiros seguían traballando, sendo alcalde Jesús García Iribarne as casas empezaron a recibir auga da traída a comezos de 1939. A primeira que a recibiu foi, según din algúns, a de Joaquín Peña, que está na cima da cidade e que por eso serviu de proba para ver se o funcionamento do sistema era bo.

Mentras isto pasaba, non todo o mundo vía con bos ollos estas milloras ouxetivas. As



5) Víctor Cancela Noguerol

mulleres das sellas de auga, e máis particularmente as chamadas "*augadoras*", poñían o berro no ceo. As augadoras axudaban ó sostenimento da súa familia levando sellas de auga polas casas. Levávanas, como é lóxico, á xente acomodada e cobraban ó mes unhas 15 ptas. a finais da Segunda República, concretamente no 1936. Como se decía, "*botaban a auga*" a tal ou cual familia.

Non fai falta decir que a traída de auga supuxo a perda dun medio de vida para esas mulleres, xa que, ademais, a súa clientela foi a primeira en poñer a auga na casa. Mais tampouco debemos esquecer que foi un corte na súa psicoloxía, nos seus hábitos: porque ir á fonte era tamén sair da casa, falar coas outras, andar pola rúa, enterarse das novidades... E todo isto poído ser un golpe tan grande como o económico en mulleres que levaban moitos anos ou toda a vida facendo o mesmo.

A quen lle tocóu recoller na súa persoa tódolos odios das augadoras, foi a Víctor Cancela Noguerol. Este concellal, como xa se dixou, estaba ó fronte da Comisión Especial que se encargaba do tema. Pero cando a cousa empeorou foi ó chegar a ser él mesmo alcalde o 18 de outubro de 1934, xusto no momento en que as obras estaban sendo unha realidade,

xa que se habían inaugurado o 1 de setembro. O caso é que o alcalde Cancela, según di a xente, foise ensimismando e enchendo de tristura e ó pouco tempo (entre abril e maio de 1936) morreu (xa dimitira de alcalde o 11 de novembro de 1935). Dun xeito cuase máxico, moi propio de nós, aínda queda quen di que morreu polas maldicións que lle botaron as augadoras.

A regularización da traída tardou anos e non se produxo até a década dos 60. O longo desa etapa de inestabilidade, houbo períodos nos que había auga un día e dous estábase sin ela, aparte dos cortes imprevistos. Por eso, as mulleres coas sellas aínda se foron vendo durante moito tempo. Na Fonte do Campo ou na de San Francisco seguíronse facendo colas para coller auga, e os rapaces, dende o adro de Santa María, seguiron facendo travesuras, deixándolles caer pedriñas nas sellas cheas cando as poñían na cabeza. Mais aquelas augadoras de antes, aquelas que deixaban unha sella na cola para coller vez mentras iban levar outra chea, iban desaparecendo. E hoxe, dende fai uns 20 anos, delas soio queda, a maneira de fósil definidor daquel grupo social, o utensilio que empregaban para vivir, a sella, que pouco a pouco foise convertindo en mero ouxeto decorativo.



6) Na Fonte do Campo. Primeira metade da década de 1920. F. Ferrer (Colecc. don José Núñez).